

Imos cantar ao Neno con Carlos Villanueva

Xa que estamos iniciando o tempo de Advento, quero traer hoxe aos meus lectores unha novidade editorial que dende hai uns poucos meses recibín da xenerosidade de Carlos Villanueva, a quen os meus lectores coñecen sobradamente polo gran labor que vén desenvolvendo no terreo da música dende o Grupo de Cámara, Coro e Cátedra da Universidade de Santiago de Compostela e polo papel de embaixador musical de Galicia que a miúdo exerce en foros de todo o Mundo.

Hai moito tempo que os estudiosos da literatura e da música, en xeral, e da literatura e música galega, en particular, sabían da existencia dun fenómeno tan curioso como pouco desvelado: uns vilancicos que, aínda podendo manexar datas algo anteriores, foron postos de moda alá pola terceira decena do século XVII (a partir de 1621, segundo Carlos Villanueva) en plena Corte madrileña, e que incorporaban o personaxe do rústico galego como elemento fundamental do argumento e da escena, extendendo ademais a galeguidade non só aos pastores visitantes do Belén senón a todo o enxoval que levaban con eles, ao boi e maila mula e tamén mesmo, que é o que máis importa, á propia Sagrada Familia, sobre todo ao Neno (“Rey de Galizia”) e á súa Nai (“fermosa galega”), pois ao pobre de San Xosé, na súa humildade de marido ben mandado, ninguén parece facerlle moito caso.

Os vilancicos de galegos, mesmo tendo cruzado o mar para seren cantados en América, entretiveron a liturxia navideña de moitos centros relixiosos e capelas reais de toda a península, durante os séculos XVII e XVIII, agás na propia Galicia, que comeza curiosamente a incorporalos á liturxia e a producilos agora en galego, con magníficas composicións literarias e musicais, moito máis tarde, xustamente cando aquela práctica decaía xa fóra das nosas fronteiras, é dicir nos finais do XVIII e, fundamentalmente, no XIX, século que coñeceu en Mondoñedo un centro produtor e difusor excepcional do simpático xénero.

Co título de *Los Villancicos Gallegos*, Carlos Villanueva ofrécenos no seu monumental libro, prologado pola sabia pluma do profesor Filgueira Valverde e editado pola fundación Pedro Barrié de la Maza, a oportunidade de seguir un fío explicativo coherente para moitas das interrogantes que tan enigmático fenómeno despertou de sempre nos estudiosos destes temas, moi frecuentemente emisores de teses que, anque ben intencionadas, luían por veces no disparate.

A noticia exacta de moitos vilancicos, das súas datas de estrea, das voces, instrumentos, das biografías dos autores e compositores, xunto coa

reproducción das partituras musicais e dunha utilísima bibliografía sobre o tema fan do libro de Carlos Villanueva unha obrigada referencia para calquera que pretenda seguir afondando nos múltiples problemas que aínda quedan pendentes e dos que o autor, aquí e alá, se fai eco prudentemente.

El Correo Gallego, 4-decembro-1994